

Xornada Final do Programa Tech Kids (*programa de actividades tecnolóxicas dirixidas a nen@s*) en colaboración co aliado dixital **Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)** o vindeiro **domingo día 27 de outubro** centralizada en Santiago de Compostela para todos os rapaces/as de Galicia. A continuación facilitámosche toda a información:

- **Cando será a xornada?** O domingo **27 de outubro** en horario de **11:00-14:30** horas
- **Onde?** Na **Cidade da Cultura, Edificio CINC**– Monte Gaiás s/n 15702 Santiago de Compostela
- **Quen pode participar nesta xornada?:** Todos os rapaces e rapazas entre **10 e 17 anos**. *Terán prioridade de inscrición os participantes nas actividades do Programa Tech Kids desenvoltas na rede CeMIT durante o verán 2019.*
- **Que actividades se realizarán?:**
 - **Tech Escape Room (1º Premio #Apuntastech?):** xogo de escape onde se potencia o traballo cooperativo e colaborativo a través da resolución de enigmas e crebacabezas.
 - **Drone Led Racing (Pilotaxe de drons):** disfrute da experiencia de voar e pilotar drons mentres se aprenden aspectos técnicos e do entorno de xeito atractivo.
 - **Microbit Experience:** obradoiro para a realización de divertidos programas para crear emojis en movemento, enviar mensaxes secretos entre microbits (*pequenos ordenadores programables*), ademais de programar varios xogos como o de cara ou cruz ou realizar un dado electrónico.
 - **Leap Motion (Obradoiros formativos):** sensor de movemento controlado por ordenador mediante xestos no aire onde debuxar, mover estruturas e construír coas túas mans o que se nos vai reflexando no videoxogo.
 - **Electric Paint (Tecnoloxía xestual):** experimentos con pintura condutiva que funciona sobre multitude de superficies como a roupa, os mobles, as paredes e tela.
 - **A maxia do cine (Chroma Key):** obradoiro onde os nen@s poderán converterse en protagonistas do seu propio aprendizaxe mediante a realización de escenas das súas películas favoritas a través da creación dun escenario virtual.
- **De xeito simultáneo realizarase unha actividade** en horario de **12.00 a 14.00** horas:
 - **Converte o mundo dos videoxogos e a animación 3D no teu futuro profesional:** conferencia de Manuel Mejide, director de Mundos Dixitais. Explicaranos as posibilidades profesionais que ofrece a tecnoloxía e os contidos dixitais.
 - **Como traballar para Mark Zuckerberg e non morrer no intento:** conferencia de Raúl Rocha, CEO & Cofundador Illusorium Studios. Contaranos

a experiencia de traballar par aun proxecto de Facebook directamente co seu creador.

Todas as persoas participantes recibirán unha **bolsa picnic** e haberá habilitada unha zona de xogos.

- Como é o proceso de inscrición?:

- **Prazos:** As inscricións xestionaranse por rigorosa orde de chegada ata o **venres 25 de outubro ás 14:00 horas**.

Ata o **mércores 16 de outubro** terán **prioridade** de inscrición os **rapaces e rapazas que participaron nas actividades do Programa Tech Kids** durante o verán de 2019, e a partir desta data, asignaranse as prazas dispoñibles a todos os rapaces e rapazas interesados a través do envío dun correo electrónico.

- **Lugar de inscrición:** As persoas interesadas poderán inscribirse a través do seguinte enlace https://cemit.xunta.gal/frm_tech_kids .

- Axudas ao desprazamento: *Esta actividade está suxeita á axuda para o desprazamento aos rapaces e rapazas participantes nas actividades Teck Kids durante o verán de 2019 nas aulas CeMIT que se atopen en localidades a máis de 50 kms de distancia á Cidade da Cultura (tomarase como punto de orixe a localización da aula CeMIT). O importe de axudas ao desprazamento é limitado polo que se priorizará a axuda aos participantes das aulas CeMIT máis afastados. A partir do xoves 17 de outubro confirmarase se a axuda foi concedida e o importe a recibir. O importe da axuda entregarase en efectivo o día do evento xunto cun xustificante de recepción. Para recoller a axuda para o desprazamento deberá presentar o DNI ou pasaporte do pai, nai ou titor legal, indicando o nome do neno ou nena inscrito.* Esperamos que a información remitida sexa do teu interese e que poidamos contar coa túa participación na xornada de Santiago de Compostela.

Para calquera aclaración adicional, quedamos á túa disposición.

Oficina CeMIT

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Departamento da Sociedade da Información

Área de Sociedade Dixital

Teléfono: 981910359

cemit@xunta.gal

Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia – Monte Gaiás s/n

15702 Santiago de Compostela